

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO O GROVE PARA O AUXILIO E COLABORACIÓN NA VIXILANCIA DAS INSTALACIÓNS DO PORTO DE O GROVE NO SEU CONXUNTO E A ORDENACIÓN DO TRAFICO NA ZONA PORTUARIA

O Director de Portos de Galicia ao abeiro do artigo 15 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia declara e formula a seguinte memoria en intención de formalizar co Concello de O Grove o convenio arriba referenciado, por un período de vixencia de catro anos e que poderá ser obxecto de prórroga, salvo denuncia deste por parte de algunha das administracións afectadas, antes da súa finalización. O instrumento convencionado ten o obxecto e razóns que se expoñen de continuación.

1. Antecedentes e razóns de oportunidade

A entidade pública empresarial Portos de Galicia, conforme aos artigos 1, 2 e 4 da súa lei 6/2017, de 12 de decembro, de portos de Galicia, ten entre os seus obxectivos básicos, o fomento das actividades comerciais e industriais relacionadas co tráfico portuario, a integración dos portos no entorno municipal e social dinamizando a actividade portuaria e cultura do mar, e en xeral o fomento da actividade económica no eido dos portos en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.

O Ente Público Portos de Galicia, procura a integración posible entre as infraestruturas porto e a vila que faciliten, non só a intermodalidade, senón tamén unha axeitada coordinación das relacións e necesidades das entidades e corporacións que interactúan no porto e na vila.

O concello de O Grove, en base a Lei /1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, para dar cumprimento ás súas funcións de promoción e desenvolvemento de actividades para a vertebración do sistema de mobilidade e transporte dentro da vila de O Grove, precisa de dispor de maior aparcamento na tempada estival polo aumento puntual desta demanda; razóns pola que está interesado na posibilidade de uso de zonas de aparcamento portuarias que se identifica no plano adxunto, ao tempo que colaborará na limpeza extraordinaria e na vixilancia e control do aparcamento mediante a ordenación do tráfico na zona coa intervención da grúa municipal se fora preciso para o correcto funcionamento para as necesidades portuarias.

A zona do porto de O Grove que se destina a aparcamento constitúe tamén unha unidade funcional que desenvolve unha función de acceso a determinadas zonas portuarias, e que esta dotado dun tratamento do viario que integra o tráfico (peonil e motorizado).

A funcionalidade da instalación portuaria e os tramos horarios fixados nesta colaboración permitirán o mantemento prevalente da operativa e servizos portuarios.

Xa que logo, ámbalas Administracións acordan regular as súas relacións no que atinxe ao uso de aparcamento, á vixilancia e control do tráfico das referidas instalacións.

2. Obxectivos que se pretenden





O obxecto do convenio consiste en regular a colaboración entre o Concello de O Grove, e o Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia no que atinxe ao uso na tempada estival das zonas de aparcamento indicadas no plano adxunto do porto, así como a limpeza e o auxilio da vixilancia e control do aparcamento mediante a ordenación do tráfico nesa zona con intervención da grúa municipal para deixar libre o dito espazo para as necesidades de circulación e de aparcamento así como para actuacións derivadas das necesidades portuarias.

O concello de O Grove, poderá facer uso ao amparo deste convenio da superficie portuaria identificada no plano adxunto (excepto zonas concesionais) e en tempada estival (en diante explanada estival) a que se delimita entre a zona os departamentos o edificio do bombeo e o borde do relleno portuario.

Para a execución e efectos deste convenio na explanada estival, o Concello deberá eliminar calquera referencia ao uso da explanada distinto do aparcadoiro. Ademais o Concello deberá manter a superficie en perfectas condicións durante a vixencia e efectos do Convenio.

O Concello tamén se compromete a:

- manter a orde pública e a ordenación do tráfico mediante a policía local con intervención de ser preciso, do servizo da grúa municipal, sen aplicación de ningún custo a Portos de Galicia en toda a zona portuaria recollida no plano adxunto.

O compromiso estendese ás limpeza extraordinarias da explanada portuaria delimitada neste convenio con motivo de usos indebidos desta.

- No marco deste auxilio e colaboración na vixilancia e ordenación do tráfico e aparcamento, nas instalacións portuarios do aparcamento do Porto, respectando en todo caso as competencias de Portos de Galicia en canto ao control, ordenación e coordinación do tráfico terrestre do artigo 113.2.a) da Lei 6/2017, de portos de Galicia, poderá a Policía Local exercer a facultade sancionadora en materia de tráfico e circulación vial naqueles vieiros abertos á circulación cuxo acceso e uso xeral non se atopa limitado nin restrinxido con control previo da Autoridade portuaria, retirando os vehículos que infrinxan as normas de aparcamento e circulación por medio do servizo de grúa municipal
- Denunciar ante Portos de Galicia as infraccións cometidas en materia de circulación viaria.
- Repoñer o pintado da sinalización horizontal viaria e máis a reposición da sinalización vertical cando proceda polo seu desgaste, deterioro ou rotura.
- A reparación de calquera outro dano derivado do uso como aparcamento municipal aberto de zonas portuarias.

O Concello de O Grove acreditará que dentro de a súa póliza de responsabilidade civil/patrimonial como administración pública se recollen os riscos derivados das obrigas que asume en virtude deste convenio.

Portos de Galicia, autoriza o uso de aparcamento e auxilio e vixilancia de tráfico obxecto deste convenio, sen que a intervención do Concello de o Grove ao abeiro deste pacto sobre terreos de dominio público portuario identificados segundo plano anexo ao mesmo, implique cesión de competencia ou limitación ou perda das potestades administrativas e facultades de xestión





e explotación vencelladas aos fins de Portos de Galicia nin supón un cambio de titularidade ou cualificación xurídica dos bens cedidos.

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido. Todas as circunstancias expresadas determinan, a xuízo deste órgano de xestión, que é procedente autorizar, mediante un convenio de colaboración, as actuacións descritas a realizar no ámbito da zona do porto de O Grove.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

O presente convenio non supón achega económica por parte de Portos de Galicia, polo que a sinatura deste convenio, non se atopa nalgún dos supostos de necesidade de autorización previa do Consello da Xunta, isto é que se trate de gastos plurianuais ou obrigas económicas para a Facenda autonómica superiores a 150.000,00 euros, conforme á Disposición adicional segunda. Autorización de convenios da Lei 1/2016 do 15 de febreiro, de transparencia e bo goberno.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

O Director

Roi Fernández Añón

